

**Modificación da normativa específica para a o Programa de simultaneidade do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica aprobada polo Consello de Goberno de 23/03/2015 e modificada polos consellos de goberno de 20/07/2015, 25/09/2018 e 23/07/2019.**

A Universidade da Coruña, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Enxeñaría Mecánica e Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado pola Escola Politécnica Superior sobre os planos de estudos oficiais. Este programa permite a o estudante conseguir, ao final do mesmo, as dúas titulacións.

Cada un dos títulos que conforman o programa foi modificado durante o ano 2018, sometido á avaliación da ACSUG e finalmente informado favorablemente para a súa implantación no curso 2019/2020. Por mor desta implantación faise necesaria a modificación desta normativa de simultaneidade.

Para conseguir este obxectivo xeral nun programa de 328,5 ECTS e cinco anos académicos se consegue tendo en conta:

- Que os dous títulos que compoñen o programa teñen a mesma formación básica.
- Que para conseguir ambos títulos e necesario completar os requisitos da:
  - Orde CIN/350/2009
  - Orde CIN/351/2009

Así mesmo, búscase que os estudantes teñan un certo grado de especialización a través dos 18 ECTS de optatividade que se ofertan no programa.

Polo exposto, procede modificar a citada normativa que queda establecida da seguinte forma:

## TEXTO CONSOLIDADO

### **Art. 1. Autorización do programa**

A Universidade da Coruña autoriza a posta en marcha dun programa de estudos proposto pola Escola Politécnica Superior que permite o estudo simultáneo de Grao en Enxeñaría Mecánica e Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica. Isto require tanto da ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van cursar a partir dos planos de estudos oficiais individuais como do regulado nos artigos seguintes.

### **Art. 2. Titulación que se obterá**

Os/as alumnos/as que superaren este programa de simultaneidade obterán os dous títulos oficiais de Graduado/a en Enxeñaría Mecánica e Graduado/a en Enxeñaría Naval e Oceánica pola UDC.

### **Art. 3. Duración do programa**

Terá unha duración de 10 cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa será de 328,5 ECTS, distribuídos da forma que se indica no **ANEXO I**.

#### **Art. 4. Centro responsable da xestión do programa de simultaneidade**

A Escola Politécnica Superior será responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co programa de simultaneidade, así como dos expedientes dos alumnos. Os estudantes aboarán neste centro os prezos públicos e as taxas por servizos académicos que correspondan aos títulos de Grao en Enxeñaría Mecánica e Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica.

#### **Art. 5. Centro de impartición do ensino**

A impartición de todas as disciplinas deste programa de simultaneidade realizarase na Escola Politécnica Superior da UDC.

#### **Art.6. Número de estudantes**

O número de estudantes de nova entrada ao programa de simultaneidade será, cada curso académico, o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno, a proposta da Escola Politécnica Superior e de conformidade coa normativa vixente.

#### **Art. 7. Acceso e admisión de estudantes**

1. A solicitude de acceso e admisión para cursar o programa de simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña.
2. Só poderán optar ao programa simultáneo aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso e admisión para ambos os graos.
3. Por motivos de organización e optimización académica, non se contempla o ingreso ao Programa de Simultaneidade de alumnos que xa iniciasen os estudos de Grao en Enxeñaría Mecánica ou de Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica.

#### **Art. 8. Criterios de matrícula**

1. Os/as alumnos/as de primeiro curso que cursen estes estudos por primeira vez poderán optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo, isto é, da totalidade de créditos correspondentes ao primeiro curso, ou ben a tempo parcial, no que deberán efectuar a súa matrícula nun número de créditos que nunca poderán ser inferior a 24 nin superior a 48.
2. Os/as alumnos/as de continuación de estudos matriculados en réxime de dedicación a tempo completo poderán matricularse en cada curso académico dun máximo de 78 créditos (excluídos os créditos correspondentes ao TFG) e dun mínimo de 48 créditos, agás naquel caso en que a cantidade de créditos necesaria para rematar o Programa de Simultaneidade fose menor.
3. De acordo coa norma de progresión nos programas académicos, aprobada na UDC, os alumnos deberán matricularse de todos os créditos de formación básica e obrigatoria non superados de cursos anteriores.
4. Os/as alumnos/as de continuación de estudos, en réxime de dedicación a tempo parcial, deberán efectuar a súa matrícula cun número créditos que nunca poderá ser inferior a 24 créditos nin superior a 48.
5. Os/as alumnos/as poderán desistir da súa matrícula de acordo co disposto na Normativa de Xestión Académica vixente para cada curso académico.



#### **Art. 9. Permanencia e progresión: Número de créditos que se deben superar**

Os alumnos matriculados neste programa de simultaneidade axustaranse a normativa en vigor da Universidade de A Coruña sobre permanencia e progresión: “Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na Universidade da Coruña (Aprobada polo Consello Social 04/05/2017)”.

#### **Art. 10. Incumprimento das normas de permanencia**

Aqueles alumnos matriculados no Programa de Simultaneidade que non cumpran as condicións e requisitos de permanencia que establece esta normativa, deberán abandonar estes estudos.

As situacións de carácter excepcional suficientemente acreditadas que dean lugar a solicitudes presentadas polos alumnos do programa, serán atendidas polo Decano ou Director do centro xestor deste, quen resolverá por desconcentración do Reitor da UDC, tras o informe da comisión académica que corresponder.

Contra a resolución do Decano ou Director os alumnos poderán presentar un recurso de alzada ante o Reitor da Universidade, na forma e prazos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere e que permita esta.

#### **Art. 11. Avaliación**

1. A formalización da matrícula dará dereito, en cada curso académico, a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou á norma que corresponda.
2. A avaliación realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes.
3. As convocatorias de exame das distintas disciplinas realizaranse nas datas que determine o calendario oficial no centro, que se axustará ao calendario aprobado polo Consello de Goberno. Os exames poderán ser realizados en datas distintas aos exames do estudantado das mesmas materias matriculado no Grao en Enxeñaría Mecánica ou no Grao de Enxeñaría Naval e Oceánica.

#### **Art. 12. Abandono do programa de simultaneidade**

1. Os alumnos que decidan abandonar o Programa de Simultaneidade deberán notificalo á Administración da facultade responsable da xestión administrativa deste, antes do inicio do período ordinario de matrícula.
2. Os/as estudantes, de ser o caso, poderán:
  - Optar por calquera das dúas titulacións iniciadas sempre que teñan aprobada como mínimo unha disciplina do primeiro curso da titulación que vaian cursar, tendo dereito ao recoñecemento dos créditos superados que figuran no **ANEXO II**.
  - Optar por solicitar praza para iniciar os estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

#### **Art. 13. Recoñecementos específicos para estudantes do programa de simultaneidade**

- Ao alumnado que cursar estes estudos recoñeceráselle os créditos das disciplinas optativas do programa polos créditos das disciplinas obrigatorias que constan no ANEXO III desta normativa, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas disciplinas obrigatorias.



- O recoñecemento realizarase pola dirección do centro. A solicitude do alumno, logo de ser revisada pola administración do centro, resolverase no momento en que o/a estudante supere o total de créditos correspondentes ao plano de estudos do programa, agás os dos traballos de fin de grao. Este recoñecemento terá carácter gratuíto.
- Na fase final do plan de estudos e de acordo coa normativa de UDC, realizaranse dous Traballos Fin de Grao (12 créditos ECTS no Grao en Enxeñaría Mecánica e 13,5 no Grao de Enxeñaría Naval e Oceánica) no que serán de aplicación os coñecementos adquiridos en cursos anteriores. Con isto o estudante acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas dos dous graos para o desempeño profesional. Estes traballos de Fin de Grao cumpriran a normativa da respectiva titulación.

#### **Art. 14. Expedición dos títulos oficiais de Grao**

Os/as alumnos/as deberán solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais: Graduado en Enxeñaría Mecánica e Graduado en Enxeñaría Naval e Oceánica, ante a Administración da Escola Politécnica Superior e pagarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos na correspondente tarifa do Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixen os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario.

Os trámites administrativos que se realizarán na Administración serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais.

#### **Disposicións finais**

*Primeira:* a Universidade da Coruña resérvase o dereito de non ofertar, para promocións sucesivas, Programa de Simultaneidade de estudos que regula esta normativa se a demanda destes estudos non se corresponder coa oferta académica anual. Porén, os estudantes matriculados terán garantida a posibilidade de finalizar os seus estudos do dobre grao.

*Segunda:* corresponderalle á Vicerreitoría con competencias en titulacións, a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

*Terceira:* sen prexuízo do establecido nesta normativa, os trámites académico-administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola Normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e pola demais normativa académica vixente da UDC que resulte de aplicación.

#### **Implantación da modificación**

A implantación realizarase no curso 2019/2020 e será en todo os cursos simultaneamente.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno do  
**23 de xullo de 2019**

O secretario xeral

**ANEXO I**
**Distribución en cursos e cuatrimestres das materias do Programa de simultaneidade do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica**

Curso	Cuad.	Código	Materia	ECTS
1º	1º	730G05001	Matemáticas 1	6
		730G05002	Física 1	6
		730G05012	Estatística	6
		730G05004	Química	6
		730G05009	Construción naval e sistemas de propulsión	6
	2º	730G05005	Matemáticas 2	6
		730G03009	Física 2	6
		730G03010	Xestión empresarial	6
		730G05008	Métodos informáticos	6
		730G05003	Expresión gráfica	6

Curso	Cuad.	Código	Materia	ECTS
2º	1º	730G03011	Ecuacións diferenciais	6
		730G03012	Fundamentos de electricidade	6
		730G03014	Termodinámica	6
		730G05018	Mecánica	6
		730G05010	Debuxo naval	6
	2º	730G03007	Ciencia de materiais	6
		730G03013	Resistencia de materiais	6
		730G03015	Fundamentos de automática	6
		730G03016	Fundamentos de electrónica	6
		730G03018	Mecánica de fluídos	6
730G05020	Hidrostática e estabilidade	7,5		

Curso	Cuad.	Código	Materia	ECTS
3º	1º	730G03017	Enxeñaría medioambiental	6
		730G05022	Transmisión de calor	4,5
		730G05023	Hidrodinámica naval	7,5
		730G05025	Estruturas mariñas 1	6
		730G05032	Proxecto do buque e artefactos mariños 1	7,5
	2º	730G03019	Teoría de máquinas	6
		730G05130	Procesos de fabricación e montaxe	6
		730G05026	Estruturas mariñas 2	6
		730G05027	Máquinas mariñas e sistemas de propulsión 1	6
		730G05028	Sistemas auxiliares do buque 1	6
730G05129	Sistemas hidráulicos e pneumáticos	6		

Curso	Cuad.	Código	Materia	ECTS
4º	1º	730G03028	Tecnoloxía de máquinas	6
		730G03030	Enxeñaría dos materiais	6
		730G03034	Construcións industriais 1	6
		730G05034	Máquinas mariñas e sistemas de propulsión 2	6
		730G03024	Organización de empresas	6
		730G03XXX	Optativa	6
	2º	730G03021	Estruturas	6
		730G03033	Deseño e análise asistido por ordenador	6
		730G03032	Metroloxía e control da calidade	6
		730G05033	Transporte marítimo	6
730G03XXX		Optativa	6	
Curso	Cuad.	Código	Materia	ECTS
5º	1º	730G03025	Xestión de proxectos	6
		730G05031	Vibracións e ruídos	4,5
		730G05024	Tecnoloxía da construción naval	7,5
		730G05035	Sistemas auxiliares do buque 2	6
		730G05036	Sistemas eléctricos e electrónicos do buque	6
	2º	730G05037	Proxecto de buques e artefactos mariños 2	6
		730G03XXX	Optativa	6
		730G03068	Traballo fin de grao	12
		730G05042	Traballo fin de grao	13,5

A optatividade do programa de simultaneidade consta de 18 créditos que se deberán obter escollendo entre a optatividade ofertada no Grao en Enxeñaría Mecánica.

<b>Optativas do Grao en Enxeñaría Mecánica:</b>			
Optativas Mención de Mecánica en Estruturas e Construción		ECTS	CUATRIMESTR E
730G03069	Modelización de estruturas por elementos finitos	6	1º
730G03070	Tipoloxías estruturais	6	2º
730G03071	Tecnoloxía e deseño de estruturas	6	1º
730G03072	Soldadura	6	1º
730G03073	Construcións industriais II	6	2º
730G03040	Vibracións	6	2º
Optativas Mención de Mecánica en Mecánica de Máquinas			
730G03074	Elementos de máquinas	6	1º
730G03038	Enxeñaría de vehículos	6	2º
730G03077	Hidráulica e pneumática	6	1º
730G03076	Mantemento	6	2º
730G03078	Análise de fallo en materiais	6	2º
730G03075	Actuadores e sensores	6	1º
Optativas Comúns as dúas mencións			
730G03079	Proxecto Interdisciplinar I	6	1º
730G03080	Proxecto Interdisciplinar II	6	2º

No plan de estudos do Grao en Enxeñaría Mecánica ofértanse 36 créditos optativos en cada unha das dúas mencións do grao, e 12 créditos optativos comúns ás dúas mencións. Para obter o título de grao con mención, é necesario superar 36 créditos optativos, dos cales, 24 deberán corresponder aos ofertados na mención que se pretenda obter. Polo tanto, o estudante no programa de simultaneidade, se quere obter o Grao en Enxeñaría Mecánica cunha mención, deberá superar 6 créditos optativos máis, dos 18 que necesita para finalizar o programa.

Estas materias optativas son transversais no título, de forma que o alumno poida cursar a súa optatividade sen axustarse a ningunha mención e, polo tanto, obter a dobre titulación sen mención.

No plan de estudos do Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica ofértanse 18 créditos optativos. Para obter o título deste grao é necesario superar 4,5 créditos optativos que no programa de simultaneidade se recoñecerán ao separar os expedientes pola superación da materia obrigatoria "Tecnoloxía de máquinas" do Grao en Enxeñaría Mecánica; non obstante, o alumno pode realizar créditos optativos do Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica, que se indican a continuación, a maiores dos créditos necesarios para obter o programa de simultaneidade, que figurarán no seu expediente deste grao.

Optativas do Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica:		ECTS	CUATRIMESTRE
730G05132	Visitias técnicas	4,5	2º
730G05041	Prácticas en empresa	4,5	1º
730G05043	Buques de guerra	4,5	2º
730G05131	Proxecto Multidisciplinar	4,5	2º

Os traballos fin de grao poderanse realizar de forma independente ou ligados entre si incluíndo as competencias tanto do Grao de Enxeñaría Mecánica como do Grao de Enxeñaría Naval e Oceánica. En ambos os dous casos o procedemento está regulado polo Regulamento para a realización de traballos fin de grao da Escola Politécnica Superior



**ANEXO II**
**Táboa de recoñecemento de créditos para os alumnos que abandonen o Programa de simultaneidade do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica**

As frechas indican a dirección en que se produce o recoñecemento, xa que parten das materias que se cursan no programa de simultaneidade.

730G05V02 Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica			730G03V01 Grao en Enxeñaría Mecánica			
Código	Nome	ECTS		ECTS	Nome	Código
730G05001	Matemáticas 1	6	→	6	Álgebra	730G03006
730G05005	Matemáticas 2	6	→	6	Cálculo	730G03001
730G05011	Ecuacións diferenciais	6	←	6	Ecuacións diferenciais	730G03011
730G05012	Estatística	6	→	6	Estatística	730G03008
730G05002	Física 1	6	→	6	Física 1	730G03003
730G05006	Física 2	6	←	6	Física 2	730G03009
730G05008	Métodos informáticos	6	→	6	Informática	730G03004
730G05004	Química	6	→	6	Química	730G03005
730G05003	Expresión gráfica	6	→	6	Expresión gráfica	730G03002
730G05007	Organización e xestión da empresa	6	←	6	Xestión empresarial	730G03010
				6	Organización de empresas	730G03024
730G05019	Mecánica de fluídos	6	←	6	Mecánica de fluídos	730G03018
730G05013	Ciencia e enxeñaría de materiais	4,5	←	6	Ciencia de materiais	730G03007
730G05014	Electrotecnia	6	←	6	Fundamentos de electricidade	730G03012
730G05016	Automatismos, control e electrónica	6	←	6	Fundamentos de automática	730G03015
				6	Fundamentos de electrónica	730G03016
730G05017	Elasticidade e resistencia de materiais	6	←	6	Resistencia de materiais	730G03013
730G05018	Mecánica	6	→	6	Mecánica	730G03026
730G05015	Termodinámica técnica	6	←	6	Termodinámica	730G03014
730G05022	Transmisión de calor	4,5	→	6	Calor e frío industrial/refrix.	730G03020
730G05021	Enxeñaría de calidade e medioambiente	4,5	←	6	Enxeñaría medioambiental	730G03017
				6	Metroloxía e control de calidade	730G03032

### ANEXO III

**Táboas de recoñecemento de créditos aplicables aos expedientes académicos dos alumnos, de forma previa á expedición dos títulos de Grao en Enxeñaría Mecánica e Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica**

Este recoñecemento só é aplicable aos estudantes que completen o programa de simultaneidade.

#### Optativas do Grao en Enxeñaría Mecánica

O alumnado que curse o programa de simultaneidade poderá recoñecer ata un máximo de 18 créditos optativos do Grao en Enxeñaría Mecánica coa superación das materias obrigatorias do Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica, de acordo coa seguinte táboa:

730G03V01 Grao en Enxeñaría Mecánica			730G05V02 Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica		
Código	Materia Optativa	ECTS		Código	Materia Obrigatoria
730G0303 9	Hidráulica e pneumática	6	←	730G05129	Sistemas hidráulicos e pneumáticos
730G0304 0	Vibracións	6	←	730G05031	Vibracións e ruídos
730G0304 5	Actuadores e sensores	6	←	730G05036	Sistemas eléctricos e electrónicos do buque
730G0304 4	Soldadura	6	←	730G05130	Procesos de fabricación e montaxe

Os 18 créditos restantes, ata completar os 36 optativos necesarios para obter o título de Grao en Enxeñaría Mecánica, escolleranse entre as optativas deste grao que se ofertan no programa de simultaneidade. Para finalizar os estudos cunha das mencións do título o alumno deberá obter un mínimo de 24 créditos (entre superados e recoñecidos) correspondentes ás optativas ofertadas en cada mención do plan de estudos.

#### Optativas do Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica

O alumnado que curse o programa de simultaneidade poderá recoñecer 4,5 créditos optativos do Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica coa superación da materia obrigatoria do Grao en Enxeñaría Mecánica, de acordo coa seguinte táboa:

730G05V02 Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica			730G03V01 Grao en Enxeñaría Mecánica		
Código	Materia Optativa	ECTS		Código	Materia Obrigatoria
730G05131	Proxecto multidisciplinar	4,5	←	730G03028	Tecnoloxía de máquinas